

ACORDOS ADOPTADOS

Acordos da sesión extraordinaria da Xunta de Centro da Escola Superior en Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día **22 de xullo de 2024**.

1. O Director informa do seguinte:
 - a. Agradece ao profesor D. Pedro Cuesta a súa participación na Xornada de portas abertas online.
 - b. Tamén agradece aos estudantes que participaron no vídeo de captación realizado.
 - c. Durante a semana do 24 ao 28 de xuño tivo lugar na ESEI o campamento tecnolóxico de verán organizado pola Cátedra ALDABA WIB: Women, ICT & Business, polo que agradece á súa directora, D.^a Alma Gómez a súa organización.
 - d. Durante o mes de xullo están tendo lugar na ESEI dous cursos de aproximación á tecnoloxía para mozos e mozas de ata 16 anos, que organiza a Concellaría de Educación do Concello de Ourense. Agradece ao profesor D. Francisco Javier Rodríguez toda a organización dos mesmos.
 - e. Con respecto á matriculación, os datos a día de hoxe son:
 - No Grao en Enxeñaría Informática téñense 140 persoas, polo que posiblemente se peche na terceira chamada.
 - No PARS Grao e Máster en Enxeñaría Informática xa están matriculadas 7 persoas (5 prazas).
 - No Programa Conxunto ADE + EI téñense 11 matriculados de 6 prazas.
 - No Grao en Intelixencia Artificial xa están 49 persoas matriculadas de 50 prazas.
 - f. O profesor D. Emilio Faro xubíbase, polo que se lle desexa toda a sorte posible nesta nova etapa.
2. Apróbanse por asentimento os Períodos de Avaliación para as titulacións da ESEI, curso 2024/2025, delegando na Subdirectora de Organización Académica a aprobación de pequenos cambios que poidan xurdir.

3. Apróbanse por asentimento as guías docentes das Titulacións da ESEI correspondentes ao curso 2024/2025, delegando na Subdirectora de Calidade a aprobación de pequenos cambios que poidan xurdir.
4. Noméase para o curso 2024/2025:
 - Profesorado Coordinador de Materias/Especialidades do Grao en Enxeñaría Informática,
 - Profesorado Coordinador de Módulos do Grao en Intelixencia Artificial,
 - Profesorado Coordinador de Módulos e Especialidades (itinerarios).
5. Apróbase por unanimidade o protocolo do PAT-ANEAE para o curso 2024/2025.
6. Apróbase por asentimento a redistribución dos espazos da ESEI.
7. A Coordinadora do Máster en Enxeñaría Informática informa dos cambios propostos no Regulamento de TFM.